

Arre-sentelha: Bravura máis alá

Títulos: Propiamente son captivo / A primeira visión.

Autores: Celso Fernández Sanmartín / María Lado.

Editorial: A.C. Amaña.

Os sistemas literarios soen canonizar determinados discursos en circunstancias e por razóns inherentes á propia natureza do fenómeno literario, sendo variábeis tanto as obras como as circunstancias e as razóns. Nunha literatura dominada, como é o caso da galega, as razóns poden ser xeradas polas peculiares circunstancias que configuran a súa historia e demandan determinados tipos de discurso que acadan valor sociolóxico non tanto pola súa cualificación estética como polo significado da mesma e m e n s a x e .

Vén sendo isto admitido mesmo a sábendas de que os criterios estéticos adoptados nacen do mundo da moda e do subxectivismo. Obviamente, non todos os discursos e autores acadan a mesma altura estética nem a mesma significación para nós.

Algunhas cousas nunca poderán ser reflectidas nunha enquisa. Desde hai un tempo, o Batallón Literario da Costa da Morte é coñecido, e vai más alá da arroutada da leña verde, a calidade do seu quefacer é patente.

Propiamente son captivo está poboado de leonas, de rinocerontes, de elefantes, de gacelas, de ríos, de mares, está inzado da violencia que expresa o vivir, da ferocidad precisa en cada intré, e a vida da que fala non é un algo etéreo e abstracto —mal do que veu padeendo boa parte da poesía dos oitenta—, a incardinación do poeta



na sua terra e na sua vida real e concreta é absoluta. Parece que quem fixera estes versos fora o noso veciño (quen o dixerá del!) e o mellor é que é certo, canto se agradece que a poesía naza da vida!, que haxa quen nos conte o vivir en verso, que nos convenza de que para ver poesía só precisamos abrir os ollos sen obligatoriedade de soñar. Pero non fica o seu valor no contido. Celso Fdez. Sanmartín mostra como un poeta sólido, eficaz, dominador dos recursos que emprega, os poemas están perfectamente estrofeados e o ritmo moi ben logrado, mesmo cuando se trata de prosa poética (chámemoslle así), a concepción do verso é tan clara que non botamos de menos signos de puntuación (empregados só quando realmente son imprescindíveis), a redundancia significativa e o destaque de palabras temáticas son outros dous recursos notables, o mesmo que a distribución espacial do poema.

María Lado é poeta moi nova, menos de vinte anos. Pero a sua *Primeira visión* é un poemario surprendente pola fondura de análise sociolóxica que transmite. Tecnicamente é un brillante exercicio de cosmovisión antropolóxica. O sensualismo, a sonoridade, a denuncia do divino e do humano abrése na pantalla de cada folla con un título que en realidade é unha parte do derradeiro poema, do poema total que en cada páxina se glosa e desglosa. O uso da pontuación é exquisito, na concepción estroférica tamén atina. E, a pesar da sensualidade, non está fóra a violencia de cada vida ("teño mentiras amarradas á tráquea / por iso cuspo en intentos de anorexia... / teño un virus publicitario na autoestima..."); se ben

A primeira visión

Maria Lado

anos? Vara, para a crítica do automenosprezo eterno.

Non vamos pensar que só contribuimos en causa benéfica, que premiamos un desinteresado esforzo por achegarnos mostras de esperanza, non: temos unha realidade de alta cualificación que hai que afortalar porque son privilexiados transmisores do noso orgullo. ♦

XOSÉ M. EYRÉ

Galicia vai salvar ao mundo

Título: O centro do labirinto.

Author: Agustín Fernández Paz.

Editorial: Xerais.


Comentaba hai un par de semanas a influencia que o mundo do cómic pode chegar a ter nos criadores da nova narrativa actual e facaño cando falaba dessa estupenda obra que é *Terra queimada*. (X.L. Marcos Laiuento).

Agustín Fernández Paz declarao a peito abierto na páxina de adiccionas cando rende homenaxe ao xa clásico do cómic *Stratos de Miguelanxo Prado* quen, por certo, faille unha xenial portada á súa última obra *O centro do labirinto*. A novela está dentro do xénero

Leituras

hai veces que non logra fuxir dun romanticismo quinceaneiro ("... teño sorte... de que me teñás"), sempre espreita a cruceira da vida ("Parfronne nun coche da Velvet Underground / no día da resurrección dun taxista melenudo... (Aquela vella puta acendeume nos ollos as luces da / cidade dos médicos e cegoume)... Matei o paí, a nai e as ninfas que o criaron"). A sua poesía naza tamén da vida real, é ela en suxestivas e atrevidas metaforizaciones e simboloxías, algo que une esas duas escritas visiblemente.

Dous autores de clara proxectación, que mellorarán e deixarán obras de maior peso a pouco que sexan más ambiciosos. Polo pronto, felicitámonos de que os novos autores deixen obras tan coidadas, do exemplar traballo da A.C. Amaña —calquera Iles nega o valor de atreverse a editar poetas novos!— e de que teñamos un Batallón Literario da Costa da Morte con tan novos e valerosos bardos. A loita continua, o triste é a sensación de loitadores solitarios. Na fronteira entre a lírica e a épica do XXI, haberá que reivindicar os valores de esta nova épica dentro de cincuenta



Agustín Fernández Paz.

XURXO S. LOBATO

da ciencia ficción e pola idade dos seus principais personaxes, lonxitude da mesma (menos de duacentas páxinas), brevidade dos seus capítulos (vintedous) e mesmo pola colección na que Xerais a publica (*Fóra de xogo*) a narración vai claramente dirixida a un público adolescente mais que sen ningún complexo poderán os pais, xa que non verán ás veces que se agradece unha lectura lxeira que se deixeollar de vagar.

A obra sitúase temporalmente na metade do século vindeiro e vainos contar as aventuras dun neno "pijo", David, alienado e presumido que vai ir tomado conciencia da necesidade de loitar contra o instituído no seu contacto cos grupos de resistentes que dende Galicia están a dirixir a revolución global. Para iso vai contar coa capacidade de convencemento dunha rapaza, Brenda, que amais de namoralo e acabar servíndolle de profesora de galego, le. Ao Suso de Toro halle gostar que o metan entre Saint Exupery e Shakespeare. ¡Un bo colega o Agustín Fernández Paz!

necessarios para facer un guiso que, ben cocinado por Agustín Fernández Paz, resulta ben sabroso e que por veces leva ao lector ata a emoción.

O ritmo narrativo non é todo o homoxéneo que debería ser. Coido que a novela gaña neste eido da metade en diante e o final queda aberto demasiado bruscamente. Na lingua empregada, coloquial mais sen concesións ao facilón, o autor amósanos un grande dominio da mesa-ma e un rigoroso traballo.

Agustín Fdez. Paz ten acadado xa unha chea de premios de literatura infantil e xuvenil e a miñ este libro, non sei moi ben porqué, cheirame a outro mís.

X. M. DE CASTRO ERROTETA

